

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*EXTRACTO da Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios 2024), susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG421A).*

BDNS (Identif.): 734264.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**Primeiro. Persoas beneficiarias**

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas os organismos intermedios empresariais de Galicia.

Consideraranse, así mesmo, beneficiarias as empresas -que cumpran a definición de peme segundo o anexo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión e que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia- que participen directamente nas accións subvencionadas e ás cales se lles imputará a axuda *de minimis* que lles corresponda segundo o gasto subvencionado. Cada peme participante deberá declarar o cumprimento dos requisitos de peme e as axudas *de minimis* solicitadas e/ou concedidas nos últimos tres exercicios fiscais.

**Segundo. Obxecto**

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto incentivar a posta en marcha de plans de internacionalización que incidan na proxección e posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais, mediante a realización de accións de promoción no exterior de modo conxunto favorecendo a cooperación empresarial e o aproveitamento de sinerxías entre varias empresas.



**Terceiro. Bases reguladoras**

Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios 2024), susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IG421A).

**Cuarto. Importe**

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7810 e cos seguintes importes e distribución plurianual: 1.000.000 € con cargo ao ano 2024 e 300.000 € con cargo ao ano 2025.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e será dun mes contado desde as 8.00 horas do día de inicio do prazo e ata as 14.00 horas do día no que se cumpra o devandito prazo de un mes.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2023

Patricia Villajos Grande  
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

